BALANCE DE SITUACION DE PEMESFL DOS EXERCICIOS REMATADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2019 E 2018

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

(en euros)

Números de contas	ACTIVO	NOTAS da MEMORIA	2019	2018
	A) ACTIVO NON CORRENTE		**3.221,57 €**	**3.343,50 €**
20,(280),(290)	**I. Inmovilizado intanxible**	Nota 5		
24,(299)	**II. Bens do Patrimonio Histórico**			
21,(281),(2831),(291),23	**III. Inmovilizado material**	Nota 5	**3.221,57 €**	**3.343,50 €**
22,(282),(2832),(292)	**IV. Inversiones inmobiliarias**			
2503,2504,2513,2514,2523, 2524,(2593),(2594),(2933),(2934), (2943),(2944),(2953),(2954)	**V. Inversions en entidades do grupo e asociadas a longo prazo**			
2505,2515,2525,(2595),260,261,262, 263,264,265,268,(269),27,(2935), (2945),(2955),(296),(297),(298)	**VI. Inversions financeiras a longo prazo**			
474	**VII. Activos por Imposto diferido**			
	B) ACTIVO CORRENTE		**320.287,84 €**	**175.179,45 €**
30,31,32,33,34,35,36,(39),407	**I. Existencias**			
447,448,(495)	**II. Usuarios e outros debedores da actividade propia**	Nota 6	**145.889,92 €**	**13.132,00 €**
430,431,432,433,434,435,436,(437), (490),(493),440,441,446,449,460, 464,470,471,472,544,558	**III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar**	Nota 8 e 11	**2.918,66 €**	**400,46 €**
5303,5304,5313,5314,5323,5324, 5333,5334,5343,5344,5353,5354, (5393),(5394),5523,5524,(5933), (5934),(5943),(5944),(5953),(5954)	**IV. Inversions en entidades do grupo e asociadas a curto prazo**			
5305,5315,5325,5335,5345,5355, (5395),540,541,542,543,545,546, 547,548,(549),551,5525,5590,565, 566,(5935),(5945),(5955),(596),(597),(598)	**V. Inversions financeiras a curto prazo**	Nota 8		
480,567	**VI. Periodificacions a curto prazo**	Nota 8	**1.500,00 €**	**15.824,71 €**
57	**VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes**	Nota 8	**169.979,26 €**	**145.822,28 €**
	TOTAL ACTIVO (A + B)		**323.509,41 €**	**178.522,95 €**

BALANCE DE SITUACION DE PEMESFL DOS EXERCICIOS REMATADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2019 E 2018

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

(en euros)

Números de contas	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS da MEMORIA	2019	2018
	A) PATRIMONIO NETO		**197.414,12 €**	**145.897,28 €**
	A-1) Fondos propios		**197.414,12 €**	**145.897,28 €**
	I. Fondo social		**292.561,81 €**	**292.747,22 €**
100,101	1. Fondo social	Nota 10	292.561,81 €	292.747,22 €
(103),(104)	2. (Fondo social non exixido)			
11	**II. Reservas**	Nota 10	**- 4.069,40 €**	**- 185,41 €**
120,(121)	**III. Excedentes de exercicios anteriores**	Nota 10	**- 146.664,53 €**	
129	**IV. Excedente do exercicio**	Nota 10	**55.586,24 €**	**- 146.664,53 €**
13	**A-2) Subvencions, doazons e legados recibidos**	Nota 13		
	B) PASIVO NON CORRENTE		**- €**	**- €**
14	**I. Provisions a longo prazo**			
	II. Débedas a longo prazo		**- €**	**- €**
1605,17	1. Débedas con entidades de crédito			
1625,174	2. Acredores por arrendamento financeiro			
1615,1635,171,172,173,175,176, 177,179,180,185	3. Outras débedas a longo prazo			
1603,1604,1613,1614,1623,1624, 1633,1634	**III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo**			
479	**IV. Pasivos por imposto diferido**			
181	**V. Periodificacions a longo prazo**			
	C) PASIVO CORRENTE		**126.095,29 €**	**32.625,67 €**
499,529	**I. Provisions a curto prazo**			
	II. Débedas a curto prazo		**- €**	**- €**
5105,520,527	1. Débedas con entidades de crédito.			
5125,524	2. Acredores por arrendamiento financeiro.			
50,5115,5135,5145,521,522,523, 525,528,551,5525,555,5565,5566, 5595,560,561	3. Outras débedas a curto prazo.	Nota 9		
5103,5104,5113,5114,5123,5124, 5133,5134,5143,5144,5523,5524, 5563,5564	**III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo.**			
412	**IV. Beneficiarios-acredores.**	Nota 7	**2.551,01 €**	**24.627,00 €**
	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar.		**3.544,28 €**	**7.998,67 €**
400,401,403,404,405,(406)	1. Provedores.	Nota 9 e 11	97,89 €	- €
410,411,419,438,465,475,476,477	2. Outros acredores.	Nota 9 e 11	3.446,39 €	7.998,67 €
485,568	**VI. Periodificacions a curto prazo.**	Nota 8	**120.000,00 €**	
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)		**323.509,41 €**	**178.522,95 €**

CONTAS DE RESULTADOS DE PEMESFL DOS EXERCICIOS ANUAIS
REMATADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2019 E 2018
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE
(en euros)

NÚMEROS DE CONTAS		Nota da memoria	(Debe) Haber 2019	(Debe) Haber 2018
	A) Excedente do exercicio		**55.586,24 €**	**- 146.664,53 €**
	1. Ingresos da entidade pola actividade propia.		**240.991,51 €**	**229.864,92 €**
720	a) Cotas de asociados e afiliados	**Nota 12**	160.971,19 €	169.842,13 €
721	b) Aportacions de usuarios	**Nota 12**		
722,723	c) Ingresos de promocions, patrocinadores e colaboraciones.	**Nota 12**		
740,747,748	d) Subvencions, doazons e legados imputados a resultados do exercicio	**Nota 13**	79.866,16 €	60.022,79 €
728	e) Reintegro de subvencions, doazons e legados		154,16 €	
700,701,702,703,704,705,(706),(708),(709)	**2. Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil**	**Nota 12**	**5.020,00 €**	
	3. Axudas monetarias e outros		**- 35.424,71 €**	**- 194.844,79 €**
(650)	a) Axudas monetarias		- 35.324,71 €	- 194.844,79 €
(651)	b) Axudas non monetarias			
(653),(654)	c) Gastos por colaboracions e do órgano de goberno	**Nota 12**	- 100,00 €	
(658)	d) Reintegro de subvencions, doazone e legados	**Nota 12**		
(6930),71*,7930	**4. Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación**			
73	**5. Traballos realizados pola entidade para seu activo**			
(600),(601),(602),606,(607),608,609,61*, (6931),(6932),(6933),7931,7932,7933	**6. Aprovisionamentos**	**Nota 12**	**- 66.366,36 €**	**- 85.904,78 €**
747,75,	**7. Outros ingresos da actividade**			
(64)	**8. Gastos de persoal**			
(62),(631),(634),636,639,(655),(656),(659), (694),(695),(678),794,7954	**9. Outros gastos da actividade**	**Nota 12**	**- 87.773,84 €**	**- 95.732,05 €**
(68)	**10. Amortización do inmobilizado**	**Nota 5**	**- 362,72 €**	**- 47,83 €**
745,746	**11. Subvencions, doazons e legados de capital traspasados o resultado do exercicio**	**Nota 13**		
7951,7952,7955	**12. Excesos de provisions**			
(670),(671),(672),(690),(691),(692),770, 771,772,790,791,792	**13. Deterioro e resultado por enaxenacions do inmovilizado.**			
678,778	**14. Outros resultados**	**Nota 12**	**- 1,21 €**	
	A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)		**56.082,67 €**	**- 146.664,53 €**
760,761,762,769	**14. Ingresos financeiros**	**Nota 12**		
(660),(661),(662),(665),(669)	**15. Gastos financeiros**	**Nota 12**		
(663),763	**16. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros**			
(668),768	**17. Diferencias de cambio**			
(666),(667),(673),(675),(696),(697),(698), (699),766,773,775,796,797,798,799	**18. Deterioro e resultado por enaxenacions de instrumentos financeiros**			
	A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIONS FINANCEIRAS (14+15+16+17+18)		**- €**	**- €**
	A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.2+A.3)		**56.082,67 €**	**- 146.664,53 €**
(6300)*,6301*,(633),638	**19. Impostos sobre beneficios.**		**- 496,43 €**	
	A.4) Variación do patrimonio neto recoñecida no excedente do ejercizo (A.3+19)		**55.586,24 €**	**- 146.664,53 €**
	B) Ingresos e gastos imputados directamente o patrimonio neto**		**79.622,33 €**	**60.022,79 €**
	1. Subvencions recibidas		**79.622,33 €**	**60.022,79 €**
	2. Doazons e legados recibidos			
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Efecto impositivo			
	B.1) Variación do patrimonio neto por ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto (1+2+3+4)		**79.622,33 €**	**60.022,79 €**
	C) Reclasificacions o excedente do exercicio		**- 79.622,33 €**	**- 60.022,79 €**
	1. Subvencions recibidas		**- 79.622,33 €**	**- 60.022,79 €**
	2. Doazons e legados recibidos			
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Efecto impositivo			
	C.1) Variación do patrimonio neto por reclasificacions o excedente do exercicio (1+2+3+4)		**- 79.622,33 €**	**- 60.022,79 €**
	D) Variacions do patrimonio neto por ingresos e gastos imputados directamente o patrimonio neto (B.1+C.1) **		**- €**	**- €**
	E) Axustes por cambios de criterio			
	F) Axustes por erros		**- 4.069,40 €**	**- 185,41 €**
	G) Variacions no fondo social			
	H) Outras variacions			
	I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)		**51.516,84 €**	**- 146.849,94 €**

MEMORIA ECONÓMICA 2019 (PEMESFL)

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE
NIF: G-15.629.629

1 ACTIVIDADE DA ENTIDADE.

A Asociación "Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade", constitúese, por tempo indefinido no ano 1997. Actualmente está inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co nº de rexistro 2004/007565-1 (SC) estando os seus estatutos adaptados o amparo da Lei 1/2002.

O seu domicilio social atópase establecido en rúa Varsovia, 4C 6ª plta. – Área Central – Santiago de Compostela.

A moeda funcional coa que opera a asociación é o euro. Para a formulación dos estados financeiros en euros seguíronse os criterios establecidos no Plan Xeral Contable tal e como figura no apartado 4. Normas de rexistro e valoración.

Os fins da asociación determínanse nos seus estatutos no artigo nº 2 sendo os seguintes:

a. Contribuír dende o ámbito galego ó desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo mediante a constitución, administración e xestión dun fondo económico que se constituirá a partir das aportacións das entidades asociadas e outras achegas que puidera recibir.
b. A promoción, financiamento e xestión de proxectos e programas de desenvolvemento económico e social e/ou de sensibilización.
c. Posibilitar unha maior participación das entidades locais nas políticas de cooperación e de solidariedade potenciando a coordinación das mesmas.

d. Asesorar ás entidades locais en materia de cooperación ó desenvolvemento e de relacións internacionais.
e. Impulsar a participación da opinión pública e da cidadanía co obxecto de favorecer unha maior comprensión da realidade dos países do Sur, da necesidade dun compromiso ético na loita contra as desigualdades e a prol do establecemento dunha nova orde económica internacional que erradique a pobreza da face do planeta.
f. Apoiar e xestionar no seu caso, proxectos e programas que promovan un desenvolvemento sostible nos países en vías de desenvolvemento, con criterios de igualdade, de mutua colaboración e respecto ás culturas e ás identidades propias de cada comunidade.
g. Fomentar as relacións e a colaboración das entidades locais coas ONGs, colectivos de solidariedade e outras institucións ou organismos que compartan idénticos fins, promovendo un intercambio permanente de experiencias.
h. Procurar que progresivamente todas as institucións públicas e privadas que formalicen o seu compromiso con políticas de cooperación ó desenvolvemento destinen un mínimo do 0.7% dos seus respectivos presupostos para este fin.
i. Crear un Centro de documentación, información e formación que fundamente e proporcione a debida coherencia ás políticas de sensibilización e de cooperación a impulsar dende esta Asociación, fomentando o estudio e a investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento.
j. Orientar as políticas de formación de persoal, de capacitación e de profesionalización desde a perspectiva da cooperación descentralizada.
k. Realizar calquera outro obxectivo compatible coas finalidades do Fondo e non sexa contrario á normativa legal vixente en cada momento.

A Asociación réxese pola normativa vixente e imperante en materia de Asociacións, concretamente a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación,; polos seus propios estatutos e pola normativa existente que lle sexa de aplicación.

2 BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS:

O marco normativo de información financeira que resulta de aplicación á entidade é o establecido en:

- Código de Comercio e a restante lexislación mercantil.
- Plan Xeral de Contabilidade de pequenas e medianas empresas regulado no R.D. 1515/2007 de 16 de novembro, aplicando as modificacións introducidas o mesmo mediante RD 115/2010.
- As normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos regulado no R.D. 1491/2011 de 24 de outubro
- A Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.
- As normas de obrigado cumprimento aprobadas polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas en desenvolvemento de Plan Xeral de Contabilidade e as súas normas complementarias.
- O resto da normativa contable que resulte aplicable.

2.1 Imaxe fiel

- As Contas Anuais do exercicio 2019 achegadas foron formuladas pola Xunta Directiva da asociación a partir dos rexistros contables da entidade a 31 de decembro de 2019 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos na normativa contable aplicable, e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da asociación.
- Non existen razóns excepcionais polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se aplicaron disposicións legais en materia contable.
- As Contas Anuais de 2018 sometéronse á aprobación pola Asemblea Xeral de socios o 26 de marzo de 2019 sendo as mesmas aprobadas.
- As presentes contas non foron aprobadas na formulación das mesmas (por mor do Estado de Alarma establecido debido o COVID19) estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha.

2.2 Principios contables non obrigatorios aplicados

Non foi necesario, nin se creu conveniente por parte da administración da entidade, a aplicación de principios contables facultativos distintos dos obrigatorios a que se refire o art. 38 do código de comercio e a parte primeira do plan xeral de contabilidade.

2.3 Aspectos críticos da valoración e estimación da incertidume

A Entidade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de entidade en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais adxuntas utilizáronse ocasionalmente estimacións realizadas pola Dirección da Entidade para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos, gastos e compromisos que figuran rexistrados nela. Basicamente, estas estimacións refírense a:

- Vida útil dos activos materiais e intanxibles. (Nota 5)
- A valoración dos activos cedidos en uso á Asociación.
- A determinación da non reintegrabilidade das subvencións.
- A evolución de posibles perdas por insolvencias de usuarios e outros debedores da actividade propia e outras partidas para cobrar.
- As estimacións realizadas para a determinación dos compromisos de pagos futuros. (Nota 9)
- A medición dos riscos financeiros aos que se expón a Asociación no desenvolvemento da súa actividade.
- A estimación sobre o risco financeiro, derivado da posible perda de subvencións e doazóns privadas e públicas.

É posible que, a pesar de que estas estimacións realizáronse en función da mellor información dispoñible á data de formulación destas contas anuais sobre os feitos analizados, produzanse acontecementos no futuro que obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) en próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas de resultados futuras.

2.4 Comparación da información

Para os efectos da obrigación establecida no artigo 35.6 do Código de Comercio, e para os efectos derivados da aplicación do principio de uniformidade e do requisito de comparabilidade, para elaborar as contas anuais do exercicio utilizouse a estrutura do Balance e da Conta de Resultados expresadas en modo Pemes no Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos publicado o 26 de marzo de 2013.

As Contas Anuais de Pemesfl presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance e da conta de resultados, ademais das cifras do exercicio 2019, as correspondentes ao exercicio anterior. Así mesmo, a información contida nesta memoria de Pemesfl referida ao exercicio 2019 preséntase, a efectos comparativos coa información do exercicio 2018.

A entidade non está obrigada a auditar as contas anuais dos exercicios 2019 e 2018.

2.5 Elementos recollidos en varias partidas

As Contas Anuais de Pemesfl non teñen ningunha partida que fose obxecto de agrupación no balance ou na conta de resultados.

2.6 Cambios en criterios contables

No 2019 non se producen cambios en criterios contables.

2.7 Corrección de erros

As contas de 2019 reflexan as seguintes correccións.

CORRECC.ERROS EXERCICIOS ANTERIORES EFECTO NEGATIVO	2019
ERROR COTA 2017 CONCELLO DE MONFERO	-246,63
CONDONACION DEBEDAS CONCELLO DE DUMBRIA	-1.155,57
CONDONACION DEBEDAS CONCELLO DE OUTES	-2.045,38
CONDOANCION DEBEDAS CONCELLO DE TRIACASTELA	-892,79
Total	**-4.340,37**

CORRECC.ERROS EXERCICIOS ANTERIORES EFECTO POSITIVO	2019
DEVOLUCION IMPORTE TRANSFERENCIA ERRONEA	6,90
COTA 2018 CONCELLO DE VALADOURO	264,07
Total	**270,97**

As contas de 2018 reflexan as seguintes correccións.

CORRECC.ERROS EXERCICIOS ANTERIORES EFECTO NEGATIVO	2018
CONC. VILAGARCIA AROUSA - DÉBEDA SDO. INICIAL NON EXISTENTE	-4.541,85
CONCELLO PONTEAREAS - DÉBEDA SALDO INICIAL NON EXISTENTE	-11,74
REG CENTIMOS CONC DUMBRIA	-0,10
CONC. FORNELOS DO MONTE - DÉBEDA SDO. INICIAL NON EXISTENTE	-237,68
CONCELLO SANTIADO COND.DÉBEDA	-13.414,42
GASTOS 2017 DESPLAZ.	-78,75
GASTO COURIER 2017	-631,48
NOVAS FERRADAS, CARMEN - DÉBEDA SDO. INICIAL NON EXISTENTE	-45,04
VIAXES ABRAMAR - GASTO 2017	-139,35
CONCELLO DE CEDEIRA - DÉBEDA SALDO INICIAL NON EXISTENTE	-675,85
PAGO CUOTA 2017 - - DÉBEDA SALDO INICIAL NON EXISTENTE	-4,35
Total	**-19.780,61**

CORRECC.ERROS EXERCICIOS ANTERIORES EFECTO POSITIVO	2018
CONCELLO TRIACASTELA - SALDO ACREEDOR INICIAL ERRÓNEO	220,44
CONCELLO TOMIÑO - SALDO ACREEDOR INICIAL ERRÓNEO	5,72
CONCELLO MONFERO - COTA 2017	246,63
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA - CUOTA 2017	14.400,00
CONCELLO CARIÑO - COTA 2017	401,63
REAL CASA MONEDA - SALDO ACREEDOR INICIAL ERRÓNEO	16,94
RAFAEL GARCIA MATIES - SALDO ACREEDOR INICIAL ERRÓNEO	98,00
UXIA CRESPON - AXUSTE RETENCIÓN	30,00
AXUSTE RETENCIONS 2017	63,00
IGADI PRE 2017 - SALDO ACREEDOR INICIAL ERRÓNEO	1.254,23
CONCELLO DE VERIN - SALDO ACREEDOR INICIAL ERRÓNEO	159,59
INSTITUTO MARQUES VALLE FLOR -INGRESO IMPUTABLE 2017	2.560,60
CONCELLO DE SILLEDA - SALDO ACREEDOR INICIAL ERRÓNEO	138,42
Total	**19.595,20**

3 EXCEDENTE DO EXERCIZO.

3.1 Análise das principais partidas que forman o excedente do exercicio

O excedente do exercicio ven determinado principalmente polas seguintes partidas:

- Os ingresos por afiliados corresponde o 65,43% do total de ingresos imputables o exercicio 2019.
- Os ingresos de subvencións para a execución de proxectos supuxeron o 32,46% do total de ingresos do exercicio 2019.
- Respecto das partidas de gastos, a partida de Axudas monetarias corresponde o 18,55% do gasto total imputable o exercicio 2019.
- A partida de aprovisionamentos para execución de programas e proxectos afectos a fins corresponde o 34,85% do total de gastos de 2019.
- A partida de outros gastos corresponde o 43,23% do total de gastos, esta partida incorpora, principalmente, gastos de asesoría, aportación da asociación o IGADI por gastos de estrutura e da secretaría técnica do propio Fondo Galego de Cooperación así coma dos gastos de desprazamentos.

3.2 Información sobre a proposta de aplicación do excedente

A proposta de aplicación do resultado por parte da Comisión executiva nos exercicios 2019 e 2018 é a seguinte:

Base de reparto	*Importe 2019*	*Importe 2018*
Excedente do exercicio	55.586,24	
Perda do exercicio		-146.664,53
Total	**55.586,24**	**-146.664,53**

Distribución	*Importe 2019*	*Importe 2018*
Perda do exercicio		-146.664,53
Comp. perdas exerc. anteriores	55.586,24	
Total	**55.586,24**	**-146.664,53**

3.3 Información sobre as limitacións para a aplicación dos excedentes de acordo coas disposicións legais.

Non existen limitacións que impida a aplicación do excedente do exercicio.

4 NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN.

4.1 Inmobilizado intanxible

O inmobilizado intanxible valórase inicialmente polo seu custo, xa sexa este o prezo de adquisición, o custo de produción ou o valor razoable. Despois do recoñecemento inicial, o inmobilizado intanxible valórase polo seu custo, menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas. Para cada inmobilizado intanxible analízase e determina si a vida útil é definida ou indefinida.

Os activos intanxibles que teñen vida útil definida se amortizan sistematicamente en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche de exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva. Polo menos o peche do exercicio, se avalía existencia de indicios de deterioro, nese caso estímanse os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

A entidade recoñece de xeito contable calquera perda que poida producirse no valor rexistrado destes activos con orixe no seu deterioro, utilizándose como contrapartida o epígrafe “Perdas netas por deterioro” da conta de resultados. No presente exercicio non se recoñeceron “Perdas netas por deterioro” derivadas dos activos intanxibles.

Non existe ningún inmobilizado intanxible con vida útil indefinida.

a) Aplicacións informáticas

Valóranse ao prezo de adquisición ou custo de produción, incluíndose neste epígrafe os gastos de desenvolvemento das páxinas web. A vida útil destes elementos estímase en 4 anos.

As reparacións que non representan unha ampliación da vida útil e os custos de mantemento son cargados na conta de resultados no exercicio en que se producen.

b) Bens en cesión de uso

Valóranse polo seu valor razoable. Para iso utilizáronse as técnicas de valoración aplicables aos investimentos inmobiliarios, isto é, o valor do dereito de uso virá ser o valor actual dos arrendamentos que pagaría a entidade si fose arrendataria dos inmobles.

c) Deterioro de valor de inmobilizado intanxible

O peche do exercicio ou sempre que existan indicios de perdas de valor, a entidade revisa os importes nos libros dos seus activos intanxibles para determinar si existen indicios de que devanditos activos sufran unha perda por deterioro de valor. Si existe calquera indicio, o importe recuperable do activo calcúlase co obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor (si a houbese).

O importe recuperable é o valor superior entre o valor razoable menos o custo de venda e o valor en uso.

Si se estímase que o importe recuperable dun activo é inferior ao seu importe en libros, o importe en libros do activo redúcese ao seu importe recuperable. Para iso recoñécese o importe da perda por deterioro de valor como gasto e distribúese entre os activos que forman a unidade, reducindo en primeiro lugar o fondo de comercio, si existise, e, a continuación, o resto dos activos da unidade prorrateados en función da súa importe en libros.

Cando unha perda por deterioro de valor reverte posteriormente, o importe en libros do activo increméntase á estimación revisada da súa importe recuperable, pero de tal modo que o importe en libros incrementado non supere o importe en libros que se determinou de non haberse recoñecido ningunha perda por deterioro de valor para o activo en exercicios anteriores. Inmediatamente recoñécese unha reversión dunha perda por deterioro de valor como ingreso.

Nos exercicios 2019 e 2018 a entidade non rexistrou perdas por deterioro do inmobilizado intanxible.

4.2 Inmobilizado material

A entidade recoñecerá un ben como non xerador de fluxos de efectivo cando se destine ás actividades da entidade polas cales a asociación non obteña un ingreso a través da entrega de bens ou prestación de servizos.

O inmobilizado material se valora ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción que inclúe, ademais do importe facturado logo de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, todos os gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ata a súa posta en funcionamento, como os gastos de explanación e derriba, transporte, seguros, instalación, montaxe e outros similares. A entidade inclúe no custo do inmobilizado material que necesita un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérica, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción. Forma parte, tamén, do valor do inmobilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigacións asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas ao activo, tales como custos de rehabilitación, cando estas obrigacións dan lugar ao rexistro de provisións.

A entidade non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo. Por iso non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigacións de futuro.

Rexístrase a perda por deterioro do valor dun elemento do inmobilizado material cando o seu valor neto contable supere ao seu importe recuperable, entendendo este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor en uso.

Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos efectuados pola entidade, cargaranse nas contas de gastos que correspondan. Os custos

de ampliación ou mellora que dan lugar a un aumento da capacidade produtiva ou a un alargamento da vida útil dos bens, son incorporados ao activo como maior valor do mesmo. As contas do inmobilizado material en curso, cárganse polo importe de devanditos gastos, con abono á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola Sociedade para si mesma.

Nos arrendamentos financeiros contabilízase o activo de acordo coa súa natureza, e un pasivo financeiro polo mesmo importe, que é o menor entre o valor razoable do activo arrendar e o valor actual ao comezo do arrendamento dos pagos mínimos acordados.

A amortización dos elementos do inmobilizado material realízase, desde o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada estimando un valor residual nulo.

4.3 Terreos e construcións

Os criterios contidos nas normas anteriores, relativas o inmobilizado material, aplicaranse as inversións inmobiliarias.

A entidade non posúe este tipo de bens na súa contabilidade.

4.4 Permutas

Nas operacións de permuta de carácter comercial, o inmobilizado material recibido valorarase polo valor razoable do activo entregado, salvo que se teña unha evidencia máis clara do valor razoable do activo recibido co límite deste último. As diferenzas de valoración que puidesen xurdir ao dar de baixa o elemento entregado a cambio terán como contrapartida a conta de perdas e ganancias. Considerarase que unha permuta ten carácter comercial se a configuración (risco, calendario e importe) dos fluxos de efectivo do inmobilizado recibido difire da configuración dos fluxos de efectivo do activo entregado; ou o valor actual dos fluxos de efectivo despois de imposto das actividades da empresa afectadas pola permuta, se vexa modificado como consecuencia da operación.

Durante os exercicios 2019 e 2018 non existiron permutas.

4.5 Instrumentos financeiros

A entidade ten rexistrados no capitulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa. Considéranse, xa que logo instrumentos financeiros, os seguintes:

a) Activos financeiros:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais –clientes e debedores varios- e da actividade propia -usuarios e debedores varios-;
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos.
- Instrumentos de patrimonio doutras entidades adquiridos: accións, participacións en institucións de investimento colectivo e outros instrumentos de patrimonio e
- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal e fianzas e depósitos constituídos.

b) Pasivos financeiros:

- Débitos por operacións comerciais –provedores e acredores varios- e da actividade propia –beneficiarios acredores-;
- Débedas con entidades de crédito, e
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou entidades que non sexan entidades de crédito e fianzas e depósitos recibidos.

4.5.1. Investimentos financeiros a longo e curto prazo

Préstamos e partidas a cobrar: rexístranse ao seu custo amortizado, correspondendo ao efectivo entregado, menos as devolucións do principal efectuadas, máis os xuros percibidos non cobrados no caso dos préstamos, e ao valor actual da contraprestación realizada no caso das contas por cobrar.

4.5.2. Efectivo e outros medios líquidos equivalentes

Baixo este epígrafe do balance de situación achegado rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outros investimentos a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizables en caixa e que non teñen risco de cambios no seu valor.

4.5.3. Pasivos financeiros

Os préstamos, obrigacións e similares rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto de custos incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas pagadoiras na liquidación ou o reembolso e os custos de transacción, contabilízanse na conta de resultados segundo o criterio da remuneración utilizando o método do interese efectivo. O importe percibido e non liquidado engádese ao importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

Os ingresos e gastos contabilízanse na conta de resultados segundo o criterio da remuneración utilizando o método do xuro efectivo. O peche do exercicio a entidade realiza un test de deterioro para os activos financeiros que non están rexistrados a valor razoable. Considérase que existe evidencia obxectiva de deterioro si o valor recuperable do activo financeiro é inferior ao seu valor en libros. Cando se produce, o rexistro deste deterioro rexístrase na conta de resultados.

En particular, e respecto de as correccións valorativas relativas aos debedores comerciais e outras contas a cobrar, o criterio utilizado pola entidade para calcular as correspondentes correccións valorativas, si as houbese, ten en conta os vencementos de devanditas débedas e a situación patrimonial específica de devanditos debedores.

A entidade dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou se cederon os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e transferíronse sustancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade, tales como en vendas en firme de activos.

A entidade dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen as obrigacións que os xeraron.

4.6 Existencias

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a peche dos exercicios 2019 e 2018 non posúe existencias.

4.7 Fusións entre entidades non lucrativas.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade durante o anos 2019 e 2018 non realizou fusión algunha entre entidades non lucrativas.

4.8 Transacción en moeda estranxeira

Os saldos de debedores, acredores, clientes e provedores, contraídos, en moeda estranxeira e non cancelados contabilízanse polo contravalor en euros segundo cotización ao peche de exercicio, salvo que segundo o principio de importancia relativa, non mereza variar o valor contable, ou exista seguro de cambio. Contravalor en euros no momento da incorporación ao patrimonio. Aplícase o do custo real ao día da liquidación da operación. Se son positivas, ata tanto a débeda non fose cancelada, anótase na conta 7681 (diferenzas positivas de cambio).

4.9 Impostos sobre beneficios

O gasto por imposto sobre beneficios representa a suma do gasto por imposto sobre beneficios do exercicio así como polo efecto das variacións dos activos e pasivos por impostos anticipados, diferidos e créditos fiscais.

O gasto por imposto sobre beneficios do exercicio calcúlase mediante a suma do imposto corrente (no resultado contable reduciuse o importe dos resultados procedentes das actividades exentas) que resulta da aplicación do tipo de gravame sobre a base impoñible do exercicio, tras aplicar as deducións que fiscalmente son admisibles, máis a variación dos activos e pasivos por impostos anticipados/diferidos e créditos fiscais, tanto por bases impoñibles negativas como por deducións.

Os activos e pasivos por impostos diferidos inclúen as diferenzas temporais que se identifican como aqueles importes que se prevén pagadores ou recuperables polas

diferenzas entre os importes en libros dos activos e pasivos e o seu valor fiscal, así como as bases impoñibles negativas pendentes de compensación e os créditos por deducións fiscais non aplicadas fiscalmente. Estes importes rexístranse aplicando á diferenza temporal ou crédito que corresponda o tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos.

Recoñécense pasivos por impostos diferidos para todas as diferenzas temporais impoñibles. Pola súa banda, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporais, bases impoñibles negativas e deducións pendentes de compensar, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a Entidade teña no futuro suficientes ganancias fiscais contra as cales poder facelas efectivas.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos de acordo cos resultados das análises realizadas.

4.10 Ingresos e gastos

Os gastos realizados pola entidade contabilízanse na conta de resultados do exercicio no que se incorren, á marxe da data en que se produza a corrente financeira. En particular, as axudas outorgadas pola entidade recoñécense no momento en que se aproba a súa concesión.

En ocasións, o recoñecemento destes gastos difírese en espera de que se completen algunhas circunstancias necesarias para a súa deveño, que permitan a súa consideración definitiva na conta de resultados.

Ditas regras son aplicables aos seguintes casos:

a) Cando a corrente financeira prodúcese antes que a corrente real, a operación en cuestión dá lugar a un activo, que é recoñecido como un gasto cando se perfecciona o feito que determina dita corrente real.

b) Cando a corrente real esténdese por períodos superiores ao exercicio económico, cada un dos períodos recoñece o gasto correspondente, calculado con criterios razoables, sen prexuízo do indicado para os gastos de carácter plurienal.

As axudas outorgadas en firme pola entidade e outros gastos comprometidos de carácter plurienal contabilízanse na conta de resultados do exercicio en que se aproba a súa concesión con abono a unha conta de pasivo, polo valor actual do compromiso asumido.

Os desembolsos relacionados coa organización de eventos futuros (exposicións, congresos, conferencias, etcétera) recoñécense na conta de resultados da entidade como un gasto na data na que se incorren, salvo que estivesen relacionados coa adquisición de bens do inmobilizado, dereitos para organizar o citado evento ou calquera outro concepto que cumpra a definición de activo.

Na contabilización dos ingresos téñense en conta as seguintes regras:

a) Os ingresos por entregas de bens ou prestación de servizos valóranse polo importe acordado.
b) As cotas de usuarios ou afiliados recoñécense como ingresos no período ao que correspondan.
c) Os ingresos procedentes de promocións para captación de recursos, de patrocinadores e de colaboracións recoñécense cando as campañas e actos prodúcense.
d) En todo caso, deberán realizarse as periodificacións necesarias.

4.11 Provisións e continxencias

